BIO-BIBLIOGRAFÍA.-

Xelucho Abella Chouciño naceu en Malpica de Bergantiños (A Coruña) o 19 de xuño de 1945 no seo dunha familia adicada ao comercio dunha mercería . É o maior de catro irmáns.

Estudou no Seminario de Santiago de Compostela, Seminario Teolóxico Hispano-Americano e na Universidade Pontificia de Salamanca na que acadou os títulos de Licenciado en Teoloxía e Filosofía.

Casou coa pontecesán María Xosé Posse García e tiveron dous fillos: Cibrán e Gundar. Actualmente vive en Ponteceso e foi moitos anos profesor de Filosofía do IES desa localidade.

É autor de ensaios filosóficos e dunha guía turística sobre o Concello de Malpica de Bergantiños, pero a súa creación literaria máis importante xira ao redor da novela xuvenil: **"Gundar e o cabalo de oito patas"** (1991), **"A cidade maldita" (**1991), **"As aventuras de Pelusa"** (1998), e unha publicación de relatos para adultos "**A ermida do diaño" (**1998). Todos estes libros teñen como marco xeográfico a súa vila natal e lugares próximos a ela.

Con motivo da publicación "A cidade maldita", no apartado final ***Cando o autor fala de si***, recóllese o seguinte texto no que o autor dá un repaso a súa nenez no lugar de Malpica. Quen mellor ca el para falarnos desa infancia dos nenos dos anos 50 do século pasado nunha vila mariñeira da Costa da Morte.

Imaxinádevos unha vila mariñeira cun pequeno porto ó abrigo do norte, no verán cheo de chalanas, lanchas e motoriñas, ¡ah! e con gaivotas, moitas gaivotas, e nenos, moitos nenos, case tantos como gaivotas. Unha casa con branca galería de madeira que da ó porto. E detrás da galería, nos días atemporalados de vento, mar e chuvia, nunha época na que non había televisión, un neno afeito, desde pequeniño, a contemplar sen presas o porto, no inverno baldeiro de embarcacións, de nenos e de gaivotas, as ondas altísimas a bater contra os montes aínda máis altos, as arrentías inmensas que se esnaquizan en cen mil anacos contra o quebraondas do muro e ceiban unha chuvia de salseiros ó pé da branca galería. Homes e mulleres taleando o mar con ollos cobizosos das lanchas que faltan por arribar ó porto, homes rexos curtidos do mar, mu-

lleres rexas, moitas delas enloitadas, curtidas da desgracia.

—¿E en que pasaban o tempo aqueles nenos? —preguntaredes vós— ¿Non se aburrían sen a televisión?

Pois non, non se aburrían. É máis, non lles chegaba o día a nada, do ben que o pasaban.

—¿E que facían?

A parte de iren á escola e ó catecismo, e de irlles ós recados ós papás, facían unha chea de cousas. Bañábanse na praia, e nela xogaban ó fútbol e á nica unha especie de jockey sobre a area, aprendido hai máis de cento cincuenta anos dos tripulantes dun buque inglés que naufragara nestas costas—. Tamén facían barcanas, que eran promontorios de area excavados por dentro como as embarcacións, e logo, cando viña para arriba a marea, os nenos desafiaban o embate das ondas metidos dentro da barcana. ¡Que ben o pasabamos! Levabamos cada molladura...

Aqueles nenos, xogaban á buxaina —o trompo—, á espada, á mariola, ás agachadas, ós piratas, ós índios, a localizar niños de paxaros, á billarda, e a unha chea máis de xogos. Ían pescar ós panchos, e aprendían a nadar e a remar case, case antes de empezaren á escola.

Eles mesmos fabricaban os seus xoguetes. As espadas, os arcos e as frechas, a billarda e o pao da billarda, de pescar as brincas e os amocelos. As latas grandes do aceite servían para facer rapetóns, que eran uns barquiños cos que xobagan na area e na auga. Nas noites de lúa agardaban o paso dos cans das aldeas os cales, ó seren ceibados, cruzaban a praia para achegarse ó matadeiro e comer os desperdicios verquidos sobre o acantilado. Cando os cans pasaban pegados á beiriña, do mar, os rapaces saíanlles ó encontro desde as cobas de area nas que estaban emboscados, e corrían tras dos cans escorrentándoos a berros.

—Pois si que o debían pasar ben.

O dito. Nin tempo tiñan para aburrirse. Eu fun un daqueles nenos dos anos cincuenta, na vila mariñeira de Malpica, na Costa da Morte. ¿Dixen fun? Ás veces penso que o sigo sendo, e que, tamén hoxe, sigo a percibir o mundo a través daquela branca galería.